



PROPOSTA DE ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS CULTURAI E DEPORTIVOS

Artigo 1.º -Fundamento.

De conformidade co previsto no artigo 41, en relación co 127, ámbolos dous do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e demais normativa concordante de aplicación este Concello establece a taxa pola prestación de servizos culturais e deportivos.

Artigo 2.º -Concepto.

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe un ingreso de dereito público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten os servizos culturais e deportivos prestados polo Concello de Vedra.

Artigo 3.º -Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento da taxa regulada nesta ordenanza quen se beneficie dos servizos deportivos e culturais municipais prestados polo Concello e especificados no artigo 4.º da presente ordenanza.

Artigo 4.º -Tarifas.

1.-A taxa que se debe pagar ao Concello polos servizos deportivos e culturais municipais, cinguirase ás seguintes tarifas:

4.1. Escolas deportivas

4.1.1.- Participantes empadroados no Concello de Vedra cunha antigüidade mínima dun ano ou matriculados en calquera dos centros escolares do termo municipal:

- a) Cando o solicitante sexa maior de 18 anos, 80 euros por tempada ou 40 euros/cuadrimestre.
- b) Cando o solicitante sexa menor de 18 anos, 50 euros por tempada ou 25 euros/cuadrimestre.

O segundo membro da unidade familiar menor de 18 anos pagará o 50 por cento do primeiro. O terceiro e restantes membros da unidade familiar menores de 18 anos pagarán o 25 por cento do primeiro.

Os matriculados nunha segunda ou posterior escola deportiva terán dereito a unha bonificación na tarifa do 50%.

4.1.2 .- O resto dos participantes nas escolas deportivas: o dobre da cantidade estipulada na liña anterior.

4.2.- Ximnasio municipal

4.2.1- Usuarios empadroados no Concello de Vedra cunha antigüidade mínima dun ano.

O importe a satisfacer polos usuarios do ximnasio será de 12,00 euros/mes ou 120,00 euros/ano.

4.2.2.- Os restantes usuarios deberán satisfacer o dobre da cantidade establecida na liña anterior.



Estas tarifas serán esixibles dende o momento en que estean a disposición dos usuarios as novas instalacións.

4.3 Cursos e obradoiros organizados polo Concello:

O prezo das matrículas cubrirá o 100% do custo total do curso ou actividade, segundo o estudo de custos presentado polo Departamento de Cultura na súa proposta, correspondéndolle á Xunta de Goberno Local a aprobación individualizada de cada prezo á vista da proposta presentada.

En todo caso, o segundo membro da unidade familiar menor de 18 anos pagará o 50 por cento do primeiro.

O terceiro e restantes membros da unidade familiar menores de 18 anos pagarán o 25 por cento do primeiro.

4.4 Viaxes organizados polo Concello:

O prezo será fixado pola Xunta de Goberno Local de xeito que, polo número dos solicitantes, se cubra o custe total do mesmo. Sen embargo, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico do Servizos correspondentes, a Xunta de Goberno Local poderá fixar un prezo que non cubra o custe do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente.

4.5. Campamentos urbanos e semellantes

- a) Cando a duración sexa inferior a 20 horas: 0,50 euros/hora.
- b) Cando a duración sexa superior a 20 horas: 0,40 euros/hora.

4.6. Entrada a espectáculos, obras de teatro profesionais, actuacións musicais profesionais e semellantes nos centros socio culturais, organizados polo Concello:

- a) Cando o solicitante sexa maior de 18 anos: 2 euros.
- b) Cando o solicitante sexa menor de 18 anos: 1 euros.”

Artigo 5.º -Normas de xestión.

1. A obriga do pagamento da taxa xurde desde que se inicia a prestación do servizo deportivo ou cultural enumerado no artigo anterior. Sen embargo, o Concello, de conformidade coa habilitación prevista no artigo 46 do RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, esixirá o depósito previo do seu importe total.

2. O ingreso da taxa farase ben na Tesourería municipal ou en calquera das entidades bancarias nas que o Concello ten conta aberta. Non se prestará o servizo solicitado sen a presentación do xustificante de ter ingresado a correspondente taxa.

3. Cando por causas non imputables ao obrigado ao pagamento da taxa, non se preste o servizo, procederase á devolución do importe correspondente.



4. No caso de existir varias solicitudes coincidentes darase preferencia aos alumnos matriculados en centros educativos de Vedra e aos empadroados no concello de Vedra e no caso de entidades, ás que teñan a súa sede social no concello.
5. En casos excepcionais a Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos sociais, poderá acordar a exención total ou parcial das tarifas expostas.
6. As débedas por taxa poderán esixirse polo procedemento de apremo.

Artigo 6º.- Delegación na Xunta de Goberno Local.

No suposto de que o servizo ou actividade cultural ou deportiva a prestar polo Concello, non se encontre tarifada na presente Ordenanza ou resulte necesaria a modificación ou actualización das contías, delégase na Xunta de Goberno Local, conforme os artigos 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 23.2 b) da Lei 7/85, de 2 de abril, o establecemento da tarifa ou a actualización da mesma, a proposta do servizo técnico correspondente co previo informe do interventor municipal.

Disposición derradeira

A presente ordenanza, unha vez aprobada definitivamente, será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2005 e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.